



PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS

En Santiago de Compostela, a 8 de agosto de 2017, ás 10.00 h. reúnense as persoas que integran o comité de selección de propostas de creación en artes visuais para a Zona "C", que estivo formado por: Mónica Maneiro, directora Dardomagazine, Neves Seara, artista, Santiago Olmo director do Centro Galego de Arte Contemporánea (CGAC) e Chus Bustos Castiñeiras, responsable de exposicións e actividade cultural do Auditorio de Galicia.

A comisión encargada da selección tivo en conta os seguintes criterios:

- A calidade e coherencia do proxecto, a súa solidez formal e conceptual e a súa relación coa efectividade do programa de mediación asociado.
- A calidade e relevancia das actividades de mediación e a súa conexión coa cidadanía.
- A contribución da intervención ao tecido cultural da cidade.
- O balance e equilibrio no conxunto dos proxectos seleccionados entre os diferentes enfoques e disciplinas.
- A conexión do proxecto coas correntes actuais de creación contemporánea.
- A viabilidade do proxecto segundo a súa adaptabilidade ao espazo de intervención e á optimización dos recursos económicos e materiais.
- O axuste ao orzamento establecido e as achegas de cofinanciamento que melloren o proxecto.
- A traxectoria (premios, bolsas, exposicións, formación etc.) das persoas solicitantes.

A institución organizadora e o comité de selección non se responsabilizan de que os artistas incorran en falsidade con respecto ao requerido nos puntos destas bases.

Despois do estudio das propostas presentadas e da votación do comité de selección, este decide por unanimidade, seleccionar os seguintes proxectos:

Modalidade 1. Proxectos de intervención artística

- Proxectos presentados: 36
- Proxectos seleccionados: 5

Amine Asselman (Toulouse, 1989)
'Global complexity'

Olalla Castro (Lugo, 1989) & Nicoleta Moise (Bucarest, 1989)
'al revés' (in reverse)

Marcos Covelo (Vigo, 1985)
'El rapto de Europa'

Alejandra Pombo (Santiago de Compostela, 1979)
'Perencuentro'

Aaron Sanromán (Vigo, 1985)
'Híbrido'

Modalidade 2. Proxectos de comisariado

- Proxectos presentados: 5
- Proxectos seleccionados: 1



PALACIO DA ÓPERA, EXPOSICIÓNS E CONGRESOS

Rosendo Cid (Ourense, 1974), comisario
'Un cuarto propio' Rosa Neutro, artista

Comunicación gráfica

– Propostas presentadas: 0

O comité decide deixar 2 proxectos de intervención artística en reserva no caso de que algún dos seleccionados /as renuncie. Son, pola seguinte orde:

Mar Ramón Soriano (Valencia, 1993)
'Objectos, cuerpo e invisibilidade'

Marco Moreira (Favaios, Portugal, 1978)
'Puntos indivisibles'

Sen máis asuntos que tratar, ás 15.00 horas, Chus Bustos Castiñeiras, en representación do comité de selección, levanta a sesión, da que estende este acta

Vº. Bº.

Mónica Maneiro, directora Dardomagacine

Neves Seara, artista

Santiago Olmo, director CGAC

Chus Bustos Castiñeiras, responsable exposiciones Auditorio de Galicia